

## ESTRUTURA DO EXAME

Nas dúas opcións que presentará o exame, A e B, estruturarase do seguinte xeito:

- 1. Un estándar de aprendizaxe dun dos tres bloques históricos acompañado dun fragmento ilustrativo do mesmo.** A resposta consistirá en comentar o fragmento (sempre extraído da antoloxía de Textos que figura na web da CIUG) e, a partir do devandito comentario, desenvolver o estándar. A cualificación máxima desta primeira parte será de **6** pts. (o 60 % da proba), **3** para o comentario e **3** para a resposta á cuestión.
- 2. Un estándar de aprendizaxe duns dos dous bloques históricos restantes.** A resposta consistirá no desenvolvemento do estándar. A cualificación máxima desta segunda parte será de **3** pts. (o 30 % da proba).
- 3. Catro breves preguntas semiabertas referidas ao terceiro bloque histórico restante.** Propóranse dous conceptos para identificar ao filósofo relacionado con cada un deles; tamén se pedirá o título de dúas obras. A cualificación máxima desta terceira parte será de **1** pto. (o 10 % da proba).

A distribución histórica dos estándares é a seguinte:

a) **Filosofía antigo-medieval**

A orixe do cosmos na corrente presocrática.

Dialéctica socrática e relativismo dos sofistas.

Realidade e coñecemento en Platón.

Platón: antropoloxía e política.

Física e metafísica en Aristóteles.

Ética e política en Aristóteles.

O problema razón/fe na filosofía medieval.

b) **Filosofía moderna**

Descartes: o problema do método e a evidencia do *cogito*.

O liberalismo político de Locke.  
Hume: crítica das ideas de sustancia e causalidade.  
Razón e progreso na Ilustración.  
Os límites do coñecemento en Kant.  
A lei moral en Kant.

c) **Filosofía contemporánea**

Alienación e ideoloxía en Marx.  
Nietzsche: crítica da cultura occidental.  
Ortega y Gasset: a razón vital.

Esos estándares de aprendizaxe distribúense nas dúas opcións do exame, A e B, do seguinte xeito:

**Opción A**

**Opción B**

A orixe do cosmos na corrente presocrática.

Dialéctica socrática e relativismo dos sofistas.

Realidade e coñecemento en Platón.

Física e metafísica en Aristóteles.

Platón: antropoloxía e política.

Ética e política en Aristóteles.

Descartes: o problema do método e a evidencia do *cogito*.

O problema razón/fe na filosofía medieval.

O liberalismo político de Locke.

Hume: crítica das ideas de sbustancia e causalidade.

Os límites do coñecemento en Kant.

Razón e progreso na Ilustración.

A lei moral en Kant.

Nietzsche: crítica da cultura occidental.

Alienación e ideología en Marx.

Ortega y Gasset: a razón vital.